



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Dirección Xeral de Política Financeira,
Tesouro e Fondos Europeos

PRINCIPAIS INDICADORES DA MEDIACIÓN DE SEGUROS EN GALICIA

EXERCICIO 2019



1.	INTRODUCCIÓN-----	3
2.	COMPETENCIAS E LEGISLACIÓN APLICABLE -----	3
3.	REXISTRO DE MEDIADORES-----	4
3.1.	<i>SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019</i> -----	4
3.2.	<i>EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2017-2019</i> -----	5
3.3.	<i>SITUACIÓN NO REXISTRO A 31 DE DECEMBRO DE 2020</i> -----	6
4.	INDICADORES REFERIDOS Á ACTIVIDADE DOS MEDIADORES INSCRITOS NO REXISTRO AUTONÓMICO ----	6
4.1.	<i>PRIMAS INTERMEDIADAS</i> -----	6
4.1.1.	Distribución entre volume total e nova produción -----	6
4.1.2.	Ramos de vida e non vida-----	7
4.1.3.	Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación-----	7
4.1.4.	Distribución por compañías aseguradoras -----	10
4.1.5.	Rede de distribución -----	11
4.2.	<i>COMISIÓNS</i> -----	12
4.2.1.	Total comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación -----	12
4.2.2.	Distribución por figuras de mediación. NON VIDA-----	13
4.2.3.	Distribución por figuras de mediación. VIDA-----	14
4.3.	<i>ESTRUTURAS EMPRESARIAIS</i> -----	14
4.3.1.	Medios persoais -----	14
4.3.2.	Oficinas e sucursais-----	15
	<i>CONCLUSIÓNS XERAIS:</i> -----	16



1. INTRODUCCIÓN

O obxecto do presente informe é analizar, en base a información das declaracións estatístico-contables (DEC), os principais indicadores da actividade de mediación de seguros levada a cabo polos mediadores que desenvolveron a súa actuación na Comunidade Autónoma de Galicia durante o exercicio 2019.

A Orde da Consellería de Facenda do 25 de marzo de 2014, establece que a declaración estatístico-contable para a información referida a cada exercicio, se remitirá antes do 30 de abril do seguinte. Non obstante, para a información referida ao exercicio 2019 este prazo foi suspendido pola disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

O real decreto 537/2020, de 22 de maio, reiniciou dende o 1 de xuño o cómputo dos prazos suspendidos e o real decreto-lei 19/2020, do 16 de maio, estableceu para as persoas xurídicas un prazo de 3 meses, a contar dende o citado 1 de xuño, para formular as contas anuais.

Polo tanto, tendo en conta o previsto nas normas anteriores, o prazo para presentar a declaración estatístico-contable do exercicio 2019 foi ampliado ata o 1 de setembro de 2020.

2. COMPETENCIAS E LEGISLACIÓN APLICABLE

COMPETENCIAS

- Lei Orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, polo que se transfiren á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediación de seguros.
- Decreto 321/1999, do 16 de decembro, que atribúe ditas funcións e servizos á Consellería de Economía e Facenda.
- Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados.
- Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, que asigna as citadas competencias á Consellería de Facenda, correspondéndolle as funcións á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a través da Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais.



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.
- Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de marzo de 2014, sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia

3. REXISTRO DE MEDIADORES

3.1. SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019

A 31 de decembro de 2019 figuraban inscritos no Rexistro Administrativo Especial de Mediadores de Seguros, Corredores de Reaseguros e dos seus Altos Cargos da Comunidade Autónoma de Galicia 120 mediadores: 97 corredores e 23 axentes de seguros vinculados.

Sen embargo, a información do informe está referida a 122 mediadores, xa que dous dos que foron dados de baixa durante o exercicio tiñan a obriga de presentar a declaración polo período no que desenvolveron a actividade.

SITUACIÓN REXISTRO AUTONÓMICO A 31/12/2019	
AXENTES VINCULADOS PERSOAS FÍSICAS	10
AXENTES VINCULADOS PERSOAS XURÍDICAS	13
TOTAL AXENTES VINCULADOS	23
CORREDORES PERSOAS FÍSICAS	38
CORREDORES PERSOAS XURÍDICAS	59
TOTAL CORREDORES	97
TOTAL PERSOAS FÍSICAS	48
TOTAL PERSOAS XURÍDICAS	72
TOTAL MEDIADORES	120

Segundo a forma xurídica, 48 mediadores son persoas físicas e 72 persoas xurídicas.

Atendendo á distribución por provincias, 70 exercen a actividade na Coruña, 14 en Lugo, 9 en Ourense e 27 en Pontevedra, polo que A Coruña segue a ser, con diferenza, a provincia que ten maior proporción de mediadores.




3.2. EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2017-2019.

	2017	2018	2019
AXENTES VINCULADOS PERSOA FÍSICA	13	10	10
AXENTES VINCULADOS PERSOA XURÍDICA	16	14	13
TOTAL VINCULADOS	29	24	23
CORREDORES PERSOA FÍSICA	40	38	38
CORREDORES PERSOA XURÍDICA	64	62	59
TOTAL CORREDORES	104	100	97
TOTAL	133	124	120

No ano 2019, o número de mediadores inscritos minorouse nun total de 4 como consecuencia dos seguintes cambios:

- Autorizouse a inscrición de 3 mediadores (un corredor e dúas corredorías).
- Producíronse 7 baixas, das cales só 3 o foron por cese na actividade. Os 4 restantes solicitaron a ampliación do ámbito territorial da actividade pasando, polo tanto, a ser supervisados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Con respecto á figura de mediación, predominan as corredorías de seguros en todos os exercicios.





3.3. SITUACIÓN NO REXISTRO A 31 DE DECEMBRO DE 2020

A 31 de decembro de 2020 figuran inscritos 119 mediadores e estase tramitando o expediente de inscrición dun novo corredor de seguros, persoa física.

4. INDICADORES REFERIDOS Á ACTIVIDADE DOS MEDIADORES INSCRITOS NO REXISTRO AUTONÓMICO

Naqueles indicadores nos que se calculan as variacións con respecto ao exercicio 2018, e para que os cálculos sexan homoxéneos, tívose en conta o efecto dos datos correspondentes aos mediadores que seguen realizando a actividade de mediación pero que non figuran inscritos no rexistro autonómico por ampliación do seu ámbito territorial.

Analízase o seguinte:

- PRIMAS INTERMEDIADAS
- COMISIÓNS
- ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

4.1. PRIMAS INTERMEDIADAS

- Distribución entre o volume total e nova produción.
- Ramos de vida e non vida.
- Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación.
- Distribución por compañías aseguradoras.
- Rede de distribución.

4.1.1. Distribución entre volume total e nova produción

MILLÓNS DE EUROS

PRIMAS MEDIADAS (millóns de euros)	2018	2019	VAR 2019/2018
TOTAL NEGOCIO	66,3	60,9	-8,1%
NOVA PRODUCCIÓN	18,6	15,0	-19,4%
% NOVA PRODUCCIÓN / TOTAL NEGOCIO	28,1%	24,6%	



No ano 2019 o volume de negocio en primas intermediadas foi de 60,9 millóns de euros. Deste importe, 15 millóns corresponden a nova produción, o 24,6 % do total.

A minoración con respecto a 2018 é do 8,1% no total negocio e do 19,4% na nova produción.

4.1.2. Ramos de vida e non vida

MILLÓNS DE EUROS

	2018	2019	VAR 2019/2018
RAMO NON VIDA	48,3	47,5	-1,6%
RAMO VIDA	18,0	13,4	-26,1%
TOTAIS	66,3	60,9	-8,1%


O maior descenso prodúcese no ramo de vida, que acaba un 26,1% con respecto a 2018.

4.1.3. Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación

MILLÓNS DE EUROS

	NON VIDA		VIDA		TOTAIS
	TOTAL NEGOCIO	% SOBRE O TOTAL	TOTAL NEGOCIO	% SOBRE O TOTAL	TOTAL NEGOCIO
VINCULADOS	7,1	15,0%	2,8	20,8%	9,9
CORREDORES	40,4	85,0%	10,6	79,2%	51,0
TOTAL	47,5		13,4		60,9
% SOBRE O TOTAL	78,0%		22,0%		

DISTRIBUCIÓN POR RAMOS





As primas intermediadas nos ramos de non vida seguen sendo, con diferenza, as que acadan as maiores porcentaxes, chegando ao 78% do total negocio.

Os corredores intermedian 51 millóns de euros, o que supón un 83,7% do total fronte aos 9,9 millóns de euros, 16,2% dos axentes vinculados.

A carteira media intermediada polos 97 corredores inscritos é de 0,5 millóns de euros.


Distribución por ramos de NON VIDA e figura de mediación.

AXENTES VINCULADOS


MILES DE EUROS

	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
AUTOS	4.141,5	57,9%	858,5	71,3%
MULTIRRISCO FOGAR	941,6	13,2%	107,5	8,9%
MULTIRRISCO COMUNIDADES	480,6	6,7%	66,7	5,5%
OUTROS MULTIRRISCOS	381,4	5,3%	6,1	0,5%
MULTIRRISCO COMERCIOS	252,0	3,5%	41,7	3,5%
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	200,1	2,8%	16,2	1,3%
OUTROS RAMOS	753,3	10,5%	107,9	9,0%
TOTAIS	7.150,5		1.204,6	

TOTAL NEGOCIO



NOVA PRODUCCIÓN







CORREDORES

MILES DE EUROS

	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
AUTOS	22.405,9	55,4%	5.364,0	58,5%
MULTIRRISCO FOGAR	4.366,1	10,8%	658,5	7,2%
MULTIRRISCO COMUNIDADES	3.752,4	9,3%	504,8	5,5%
RC EN XERAL-OUTROS RISCOS	2.166,3	5,4%	562,2	6,1%
MULTIRRISCOS COMERCIOS	1.212,6	3,0%	248,9	2,7%
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	1.185,9	2,9%	175,3	1,9%
ACCIDENTES	806,4	2,0%	207,0	2,3%
OUTROS DANOS A BENS_SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS	766,2	1,9%	654,0	7,1%
ASISTENCIA SANITARIA	754,9	1,9%	108,3	1,2%
ENFERMIDADE	615,2	1,5%	90,5	1,0%
OUTROS RAMOS	2.388,9	5,9%	592,3	6,5%
TOTAIS	40.420,8		9.165,7	



O ramo de autos encabeza os ramos de non vida en todas as figuras da mediación, no total negocio e na nova produción. Representa o 57,9% do total no caso dos axentes vinculados e o 55,4% no caso dos corredores.

Segue en importancia o seguro de multirriscos do fogar.

**Distribución por ramos e figura de mediación. VIDA****MILES DE EUROS**

	AXENTES VINCULADOS				CORREDORES			
	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
INDIVIDUAL	2.739,1	98,5%	0,8	88,83%	10.546,6	99,6%	3.830,1	100,0%
COLECTIVO	41,4	1,5%	0,1	11,2%	37,4	0,4%	0,3	0,0%
TOTAL	2.780,5		0,9		10.584,0		3.830,4	

Nos ramos de vida practicamente a totalidade das primas intermediadas corresponde a seguros individuais. Superan o 99,6% na actividade dos corredores e chegan ao 98,5% no caso dos axentes vinculados.

A porcentaxe de seguros colectivos non é significativa.


4.1.4. Distribución por compañías aseguradoras

As primas intermediadas distribúense a través de 82 entidades aseguradoras.

Por volume de negocio e figura de mediación, obtense a seguinte información:

MILES DE EUROS

	Vinculados	Corredores	Total	%
Compañía Aseguradora 1	3.714,3	16.130,8	19.845,1	32,6%
Compañía Aseguradora 2	1.044,5	7.129,2	8.173,7	13,4%
Compañía Aseguradora 3	350,8	4.522,4	4.873,2	8,0%
Compañía Aseguradora 4	297,5	4.544,1	4.841,5	8,0%
Compañía Aseguradora 5	19,4	3.662,2	3.681,5	6,0%
Outras Compañía Aseguradoras	4.463,0	14.978,8	19.441,8	31,9%
Total	9.889,4	50.967,5	60.856,9	



Hai cinco compañías aseguradoras coas que se media o 68% do total.

O 32% restante está distribuído entre o resto de compañías, cuxo número ascende a 77.

A compañía coa que máis primas se media acada 19,8 millóns de €, o que representa o 32,6% do total.

4.1.5. Rede de distribución

A distribución de produtos de seguros realízase a través da rede propia, de colaboradores externos, asesores ou non asesores, e doutros corredores. Os datos por figura de mediación, son os seguintes:

MILES DE EUROS

	REDE PROPIA	COLABORADORES EXTERNOS NON ASESORES	COLABORADORES EXTERNOS ASESORES	OUTROS CORREDORES	TOTAL
TOTAL VINCULADOS	9.792,1	0,0	97,3	0,0	9.889,4
TOTAL CORREDORES	47.251,8	3.150,8	540,8	23,9	50.967,5
TOTAL	57.043,9	3.150,8	638,1	23,9	60.856,9
%	93,7%	5,2%	1,0%	0,0%	



A maior parte das primas distribúense a través da rede propia dos mediadores: 57 millóns de €, o 93,7% do total.

O importe mediado coa participación de colaboradores externos acada o 6,2%, correspondendo o 5,2% aos non asesores, e o 1% aos asesores.

Os importes mediados a través de outros corredores son pouco significativos.

4.2. COMISIÓNS

- Total comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación.
- Distribución por figuras de mediación en ramos de non vida.
- Distribución por figuras de mediación en ramos de vida.

4.2.1. Total comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación

Distribución das comisións percibidas por ramos e figuras de mediación, tanto do total negocio coma da nova produción:

MILES DE EUROS

	TOTAL NEGOCIO		COMISIÓNS TOTAL NEGOCIO	NOVA PRODUCCIÓN		COMISIÓNS NOVA PRODUCCIÓN
	NON VIDA	VIDA		NON VIDA	VIDA	
VINCULADOS	1.002,2	77,4	1.079,6	159,3	11,2	170,5
CORREDORES	6.133,7	347,8	6.481,5	1.282,8	78,2	1.361,0
TOTAL	7.135,9	425,2	7.561,0	1.442,0	89,5	1.531,5

As comisións totais percibidas ascenden a 7.561 miles de euros, o que representa un 12,5% sobre o volume total de primas intermediadas. Corresponden sobre todo ao ramo de non vida, tanto polo que respecta ao total negocio como a nova produción.




4.2.2. Distribución por figuras de mediación. NON VIDA

MILES DE EUROS

RAMOS NON VIDA	TOTAL VINCULADOS	TOTAL CORREDORES	COMISIONS TOTAIS
Autos	487,2	2.666,0	3.153,2
Multirrisco fogar	216,6	1.059,6	1.276,2
Multirrisco comunidades	91,1	751,4	842,4
Multirrisco comercios	48,4	252,7	301,1
Multirrisco industriais	33,2	241,2	274,3
R.C. en xeral	31,5	374,9	406,4
Decesos	29,6	85,7	115,3
Accidentes	21,3	153,3	174,6
Outros multirriscos	8,6	54,9	63,5
Enfermidade	8,0	98,4	106,4
Transportes	5,4	85,6	91,0
Outros	21,4	310,0	331,4
TOTAIS	1.002,2	6.133,7	7.135,9

COMISIONS TOTAIS



O total de comisións devengadas no ramo de non vida ascende á cantidade de 7.135,9 miles de euros.

En coherencia co volume total do negocio por ramos, o seguro de autos é o que proporciona un maior importe de comisións.

**4.2.3. Distribución por figuras de mediación. VIDA****MILES DE EUROS**

RAMOS VIDA	TOTAL VINCULADOS	TOTAL CORREDORES	TOTAL
Individual	69,3	341,0	410,3
Colectivo	8,0	6,8	14,8
TOTAIS	77,4	347,8	425,2

O total de comisións devengadas no ramo de vida acadou a cantidade de 425,2 miles de euros.

Os seguros individuais supoñen case a totalidade das comisións deste ramo.

Os honorarios percibidos no ano 2019 acadan o importe de 102.224 €, correspondendo ao ramo de non vida 101.596 € e 628 € ao ramo de vida. Nos ramos de non vida xéranse sobre todo nos seguros de autos e multiriscos fogar.

4.3. ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

Neste apartado analízase o seguinte:

- Os medios persoais afectos á actividade: órganos de dirección, empregados que participan e non participan directamente na mediación e colaboradores externos.
- Oficinas e sucursais.

4.3.1. Medios persoais

	PERSONAL DATOS 2018			PERSONAL DATOS 2019			Diferencia nº persoas	VAR 2019/2018
	VINCULADOS	CORREDORES	TOTAL 2018	VINCULADOS	CORREDORES	TOTAL 2019		
ÓRGANOS DE DIRECCIÓN	30	118	148	26	115	141	-7	-4,7%
EMPREGADOS CON ASESORAMENTO	5	47	52	5	52	57	5	9,6%
EMPREGADOS SEN ASESORAMENTO	3	38	41	2	34	36	-5	-12,2%
COLABORADORES EXTERNOS NON ASESORES	0	136	136	0	106	106	-30	-22,1%
COLABORADORES EXTERNOS ASESORES	1	4	5	1	7	8	3	60,0%
OUTRO PERSOAL	2	22	24	2	21	23	-1	-4,2%
TOTAIS	41	406	406	36	335	371	-35	-8,6%



No ano 2019, 371 persoas participaron directa ou indirectamente na actividade de mediación. Prodúcese unha diminución de 35 persoas con respecto ao ano 2018 que afecta a colaboradores externos e empregados sen asesoramento.

Sen embargo, o número de persoas empregadas directamente polos mediadores (con ou sen funcións de asesoramento) mantívose en 93, non descendendo en 2019.

Con respecto a formación, os mediadores facilitan 19.989 horas de formación continua ao seu persoal, 1.540 horas os axentes vinculados e 18.449 os corredores.

4.3.2. Oficinas e sucursais

Na maior parte dos casos a actividade de mediación desenvólvese nunha soa oficina, sobre todo nos axentes vinculados.

No caso dos corredores, soamente 6 dun total de 97 teñen algunha sucursal.



CONCLUSIÓNS XERAIS:

- ❖ Respecto dos mediadores inscritos no rexistro, é importante destacar que a tendencia descendente dos últimos anos non supón o abandono da actividade de mediación senón que, na maior parte dos casos, obedece a ampliacións do ámbito de actividade.
- ❖ A Coruña segue sendo a provincia con maior número de mediadores con diferenza respecto do resto de provincias galegas.
- ❖ No ano 2019 prodúcese unha diminución no total das primas intermediadas do 8,1% con respecto ao 2018. Na nova produción o descenso é do 19,4%. Este descenso débese fundamentalmente á redución das primas nos ramos de vida nun 26,1%.
- ❖ O ramo de non vida segue acaparando o negocio dos mediadores de seguros, destacando o ramo de autos, con moita diferenza, seguido a gran distancia polos seguros multiriscos.
- ❖ O ramo de vida supón o 22% do negocio, case na súa totalidade en seguros individuais.
- ❖ Os seguros distribúense a través da rede propia nunha porcentaxe do 93,7%. A través dos colaboradores externos distribuíuse o 6,2% do negocio (5,2% a través de colaboradores externos non asesores, e 1% a través de asesores).
- ❖ As comisións son a forma maioritaria de retribución dos mediadores de seguros. No ano 2019 acadaron o importe de 7.561 miles de euros, o que representa un 12,5% sobre o volume total de primas intermediadas. Os honorarios supoñen un importe pouco significativo dos ingresos por mediación.
- ❖ O persoal directamente ocupado no sector da mediación en Galicia non diminúe en relación ao 2018, manténdose en 93 persoas. O descenso de 35 persoas afecta a colaboradores externos e empregados sen asesoramento.